

Informe 2023

da Cooperación Galega



XUNTA
DE GALICIA

Edita

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Santiago de Compostela. 2024

Fotografías

Cedidas á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea polos seguintes axentes de cooperación: CEPEDM Guatemala e a Fundación CETMAR.
Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.



Informe 2023 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Xunta de Galicia

Índice

1. Introducción	5
2. A Cooperación Galega 2023 en cifras	7
3. Seguimento do cumprimento de obxectivos V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026	18
4. Actuacións de cooperación no exterior	27
4.1 Convocatoria 2023 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes	27
4.2 Convocatoria 2022 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes	38
4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior	38
4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2023	
4.3.2 Convenios de colaboración do ano 2022 e anteriores	
4.4 Convenios de colaboración dotados con fondos procedentes doutros departamentos da Xunta de Galicia	39
4.5 Convocatoria 2023 de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior	39
4.6 Actuacións levadas a cabo por outros departamentos da Xunta de Galicia	41
5. Acción humanitaria e de emerxencia	42
5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria	42
5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia	44
6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación	48
6.1 Convocatoria 2023 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	48
6.2 Convocatoria 2022 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	52
6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento de axentes	52
6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2023	
6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2022	
6.4 Convocatoria 2023 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento	55
6.5 Formación.	
Bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento	55
7. Transparencia e rendición de contas	56
7.1 Publicacións	56
7.2 Avaliacións	56
7.3 Páxina web da Cooperación Galega	56

1. Introducción

En cumprimento do mandato legal establecido nos artigos 83.4 e 87.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o Plan anual 2023 da Cooperación Galega foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023, logo de recibir o informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento na súa reunión plenaria do 14 de febreiro.

No Plan anual 2023 recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o goberno galego pon á disposición da cooperación para o desenvolvemento para o correspondente ano, de acordo coas orientacións establecidas no V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.

Para o ano 2023 a dotación inicial do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento elevouse a 8.915.485 €, é dicir, 1.080.599 € máis que

a do ano 2022, o que supón un incremento dun 13,8%.

A dita cifra viuse incrementada en 331.760,39 €, debido a varias ampliacións de crédito que se produciron ao longo do exercicio derivadas dunha transferencia de fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero por importe de 256.760,64 € realizada pola Secretaría Xeral de Igualdade; de dúas xeracións de crédito procedentes de Augas de Galicia por un total de 74.999,75 € para o cofinanciamento de proxectos en Mozambique.

Polo tanto, o orzamento final do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento para o 2023 elevouse a 9.248.975,46 €. O dito orzamento foi executado ao 100%.

Neste informe dáse conta de todas as actuacións que se levaron a cabo co dito orzamento ao longo do 2023, así como daquelas actuacións que se financiaron con fondos procedentes doutros departamentos da Xunta de Galicia.





2. A Cooperación Galega 2023 en cifras

A modo de resumo, a execución do Plan anual 2023 traducida a cifras sería a seguinte:

- Un orzamento final de 9.248.975,46 € procedentes do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento, incluídos 256.760,64 € transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, os 74.999,75 € das dúas xeracións de crédito de Augas de Galicia, para o financiamento de convenios en Mozambique. Ao importe anterior hai que engadirlle 100.000 € de gastos correntes do capítulo II do programa 111E de funcionamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante, DXRREE e coa UE).
- Un 100 % de execución orzamentaria e das actuacións previstas no Plan anual.
- Un 100 % dos compromisos adquiridos pagos.
- Continuidade dos 58 proxectos cuxo financiamento foi aprobado en anos anteriores (no marco das diferentes convocatorias ou a través da sinatura de convenios) e que tiñan anualidade 2023.
- Publicación e resolución de 6 convocatorias públicas de axudas para proxectos de cooperación no exterior para ONGD e para os outros axentes, de educación para o desenvolvemento, de microproxectos, de acción humanitaria, e de investigación, cun total de 66 proxectos aprobados (dos que 55 teñen continuidade e financiamento comprometido para o ano 2024).
- Publicación e resolución da convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- 19 novos convenios de colaboración asinados, e dúas addendas con diferentes entidades.
- 160 actuacións financiadas con cargo ao orzamento do ano 2023 (inclúense as bolsas e as intervencións financiadas con cargo aos convenios de emerxencias e as súas addendas).
- Intervencións de cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria financiadas en 27 países, nos campamentos de refuxiados saharauís e nos territorios palestinos ocupados.
- Un 81,92% do orzamento operativo de gastos destinados a convocatorias públicas.
- Un 77,11% do orzamento operativo de gastos destinados a ONGD.
- Un 11,65% do orzamento operativo de gastos destinados a actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- Un 15,65% do orzamento operativo de gastos destinados a actuacións de acción humanitaria.
- Un 71,24% do orzamento operativo de gastos destinados a actuacións de cooperación para o desenvolvemento.
- 409.581,83 € procedentes dos orzamentos doutras consellerías destinados á cooperación para o desenvolvemento.
- 9.758.557,29 € dos orzamentos da Xunta de Galicia destinados á Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) no 2023.

Táboa 1. Distribución do orzamento da Cooperación Galega no ano 2023

Capítulo	Concepto	Orzamento (€)	
		Inicial	Final
Capítulo I	Gastos de persoal	664.693,00	664.693,00
	Transferencias correntes	6.145.584,00	8.544.506,06
	Institucións sen fins de lucro	572.730,00	679.521,28
	Axudas ás universidades galegas	115.007,00	160.000,00
Capítulo IV	Actuacións de cooperación no exterior	5.149.322,00	7.329.232,87
	Convenio CGONGD	100.000,00	100.000,00
	Convenio Fondo Galego	60.000,00	60.000,00
	Bolsas formación en cooperación	95.000,00	101.569,43
	SS bolsas formación en cooperación	3.525,00	4.182,48
	Convenio SOGAPS	50.000,00	110.000,00
Capítulo VI	Investimentos reais	70.000,00	39.776,40
	Transferencias de capital	2.035.208,00	0,00
Capítulo VII	Actuacións de cooperación no exterior	1.985.208,00	0,00
	Convenio SOGAPS	50.000,00	0,00
TOTAL programa 331A	Cooperación exterior e ao desenvolvemento	8.915.485,00	9.248.975,46
Rateo Cap. II programa 111E			100.000,00
TOTAL ORZAMENTO DXRREE E COA UE (Área de cooperación para o desenvolvemento)		8.915.485,00	9.348.975,46¹
Outras consellerías			409.581,83
Consellería de Política Social			100.000,00
Consellería de Sanidade			231.811,09
Consellería do Mar			77.770,74
TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA			9.758.557,29
Financiamento Cetmar			
Intervención		Financiador	Contía (€)
Asistencia técnica para a determinación de custos e identificación de loxística para xeración de manto deshidratado e estudo de mercado para analizar a viabilidade comercial do produto a nivel local e nacional.		AECID	9.703,31
Asistencia técnica de identificación: Análises da problemática do Sargazo no Caribe.		AECID	5.900,00
Fortalecemento e mellora das políticas de xestión dos recursos pesqueiros en Iberoamérica para un crecemento económico sustentable da rexión, baseado na investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico a través da Rede.		AECID	14.365,38

¹Incorporados 256.760,64,00 € procedentes do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero, os 74.999,75 € de dúas xeracións de crédito de Augas de Galicia para financiar convenios en Mozambique.

Ao final do ano 2023 os recursos totais destinados pola Xunta de Galicia á cooperación para o desenvolvemento foron superiores aos inicialmente previstos no plan anual, debido ao financiamento de actuacións a través de fondos procedentes doutros programas orzamentarios diferentes ao específico de cooperación exterior.

Táboa 2². Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2023

	Tipo de Instrumento	Nº Intervencións	Importe (€)	
Cooperación para o desenvolvemento	Convocatoria proxectos ONGD	53	4.913.065,09	
	Convocatoria proxectos outros axentes	9	700.000,00	6.091.742,65
	Convenios	5	415.147,60	
	Convocatoria microproxectos	3	63.529,96	
Acción humanitaria	Convocatoria	8	550.000,00	
	Convenios	12 convenios e 2 addendas	797.521,28	1.347.521,28
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	Convocatoria Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	33	600.000,00	
	Convenios Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global + fortalecemento	6	299.490,00	999.490,00
		7	100.000,00	
	Convocatoria Investigación para o desenvolvemento			
Formación	Convocatoria bolsas	12	105.751,91	105.751,91
Outros	Asistencia técnica (avaliacións, estudos, informes)	7	39.776,40	39.776,40
TOTAL		141		8.584.282,24

Tal e como se reflicte na táboa 2, no ano 2023 foron destinados a gastos de actividades un total de 8.584.282,24€, o que representa un 92% do orzamento final de cooperación da DXRREE e coa UE.

² Na táboa 2 e seguintes se teñen en conta exclusivamente as achegas da DXRREE e coa UE, non as dos outros departamentos da Xunta de Galicia.

Táboa 3. Distribución xeográfica da axuda de cooperación para o desenvolvemento da DXRREE e coa UE

Rexión	País	Importe (€)	N.º Intervencións	Porcentaxe
América Central e Caribe	O Salvador	428.993,74	5	7,04%
	República Dominicana	566.989,61	6	9,31%
	Guatemala	1.158.068,84	13	19,01%
	Nicaragua	534.000,00	6	8,77%
	Honduras	700.794,64	7	11,50%
América do Sur	Bolivia	609.769,72	6	10,01%
	Ecuador	283.412,38	3	4,65%
	O Perú	874.126,34	10	14,35%
África	Mozambique	472.867,55	5	7,76%
	Cabo Verde	103.089,79	2	1,69%
	Guinea Bissau	147.057,87	3	2,41%
	Alxeria (Campamentos Saharauís)	30.000,00	1	0,49%
Asia	India	182.572,17	3	3,00%
TOTAL		6.091.742,65	70	100%

No V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026 recoñécense 11 países prioritarios, xa presentes no IV Plan director. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico, durante o ano 2023 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 13 países e territorios, e logrouse un bo grao de concentración, tendo en conta ademais que o 97% da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento pola DXRREE e UE se concentrou nos 11 países prioritarios.

Táboa 4. Distribución xeográfica da acción humanitaria

Rexión	País	Importe (€)	N.º Intervencións	Porcentaxe
África	Etiopía	85.398,20	2	6%
	Marrocos	7.271,69	1	1%
	República Democrática do Congo	84.000,00	1	6%
	Uganda	84.000,00	1	6%
	Malí	20.000,00	1	1%
	Sudán	20.000,00	1	1%
	Alxeria (Campamentos Saharauís)	130.000,00	1	9,65%
Asia	Palestina	239.543,37	5	17,78%
	Líbano	74.981,00	1	5,56%
	Siría	76.771,69	1	5,70%
América central e do Sur	O Perú	79.761,58	2	5,92%
	Bolivia	66.000,00	1	4,90%
	Cuba	35.749,27	1	2,65%
	O Salvador	75.000,00	1	5,57%
	Haití	8.771,69	1	0,65%
	Colombia	50.000,00	1	3,71%
	Honduras	74.999,35	1	5,57%
Europa	Ucráína	114.980,50	2	8,53%
	Turquía	10.771,69	1	0,80%
	España (protección defensoras)	9.521,28	1	0,71%
TOTAL		1.347.521,29	27	100%

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se reflicte na táboa 4, financiáronse actuacións de acción humanitaria e de emerxencia nuns 20 países, incluíndo os campamentos saharauís e os territorios palestinos ocupados.

O V Plan director propón unha lista de sete ámbitos estratéxicos para a Cooperación Galega. A delimitación destas prioridades sectoriais obedece, por unha banda, á aspiración de promover a Axenda 2030 e os ODS, abranguendo as súas esferas (persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alianzas) e, por outra banda, a coherencia cos valores diferenciais e a especialización da Cooperación Galega dentro da súa experiencia e traxectoria.

1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
3. Impulsar a equidade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións

4. Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.

5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.

6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co fomento da resiliencia.

7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Establécese que, como mínimo, o 90% do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE se destine a estes ámbitos estratéxicos, de forma que o 60-75% desta axuda irá enfocada a reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior (primeiros cinco puntos); o 10-15% a asegurar unha acción humanitaria integral e de calidade (punto 6); e o 10-15% restante a desenvolver operativamente a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da Cooperación Galega (punto 7).



Táboa 5. Distribución sectorial

SECTOR V PLAN DIRECTOR COOPERACIÓN GALEGA	IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADA 2023 SOBRE ORZAMENTO OPERATIVO (cap. IV, VI, VII)	PORCENTAXE ACADADA 2023 SOBRE AXUDA DESEMBOLSABLE A TRAVÉS DE CONVOCATORIAS E CONVENIOS (cap. IV e VII)	PORCENTAXE OBXECTIVO DO V PLAN DIRECTOR
1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	3.195.527,66	37,23%	37,40%	60- 75%
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	899.877,39	10,48%	10,53%	
3. Impulsar a equidade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións	1.596.322,90	18,60%	18,68%	
4. Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada	339.142,38	3,95%	3,97%	
5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais	60.872,32	0,71%	0,71%	
6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co fomento da resiliencia	1.347.521,28	15,70%	15,77%	10- 15%
7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable	999.490,00	11,64%	11,70%	10- 15%
TOTAL	8.438.753,93	98%	99%	100%

Se consideramos as porcentaxes establecidas como obxectivo no V Plan director, obsérvase que se acadaron en todos os sectores e, en global, superouse o 90% do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE destinada a estes ámbitos estratéxicos.

Táboa 6. Distribución por tipo de instrumento

TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE	DESAGREGACIÓN	IMPORTE (€)	PORCENTAXE POR INSTRUMENTO
Convocatorias	7.032.346,96 €	Proxectos ONGD	4.913.065,09	81,92%
		Outros axentes	700.000,00	
		Acción humanitaria	550.000,00	
		Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	600.000,00	
		Investigación	100.000,00	
		Microproxectos	63.529,96	
		Bolsas	105.751,91	
Convenios	1.512.158,88 €	Cooperación ao desenvolvemento	415.147,60	17,62%
		Acción humanitaria	797.521,28	
		Educación para o desenvolvemento e Fortalecemento	299.490,00	
Capítulo VI	39.776,40 €	Asistencias técnicas e contratos	39.776,40	0,46%
TOTAL			8.584.282,24	100%

Polo que respecta á repartición da axuda en función do instrumento empregado, segundo se reflicte na táboa 6, a Cooperación Galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, cun 82%

Táboa 7. Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE
ONGD	6.241.519,36	99	73,96%
Agrupacións mixtas	453.072,45	11	5,37%
Outros	508.200,23	6	6,02%
Universidades	282.837,22	8	3,35%
Empresas	175.885,40	2	2,08%
CGONGD	100.000,00	1	1,19%
Fondo Galego	69.490,00	2	0,82%
Axencias Internacionais	507.749,27	8	6,02%
AECID	100.000,00	1	1,19%
TOTAL	8.438.753,93 €	138	100%

Dado que, a excepción dos convenios, a convocatoria dirixida a outros axentes para proxectos no exterior e a convocatoria de investigación para o desenvolvemento, o resto das convocatorias son exclusivamente dirixidas ás ONGD. A distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7, como xa é habitual, reflicte a preponderancia das Intervencións executadas a través de ONGD, que representan o 73,96% dos recursos destinados ao financiamento de proxectos, isto sen ter en conta as agrupacións mixtas, que na súa maior parte tamén incorporan ONGD.



3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2023
R.X.1. A Cooperación Galega alíña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os ODS.	<i>L.A.1.1. Contribuír á coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable en todos os niveis da Administración pública galega.</i>	1.1.1. Grao de participación da DXRREE e UE nas iniciativas e espazos da Xunta de Galicia para a implementación e logro da Axenda 2030.	Reunión da Comisión Interdepartamental de Seguimento da Axenda 2030, con asistencia da DXRREE e UE.
	<i>L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.</i>	1.2.1. Nº de xuntanzas do CONGACODE e dos seus grupos de traballo. 1.2.2. Nº de comisións ou grupos de traballo operativos dentro do CONGACODE.	O 14 de febreiro de 2023 tivo lugar a xuntanza ordinaria deste órgano, na que se presentou o anteproxecto do V Plan director de cooperación galega para o desenvolvemento 2023-2026. O documento estratéxico que rexerá a política de cooperación da Xunta de Galicia nos próximos 4 anos foi informado favorablemente por unanimidade. Para o proceso de deseño participativo do V Plan director, creouse no seo do CONGACODE, unha comisión dinamizadora.

<i>L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios e a solvencia da Cooperación Galega.</i>	1.3.1. No horizonte do 0,7 %, o programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita lei.	O orzamento non financeiro da Xunta de Galicia incrementouse no ano 2023 respecto do ano 2022 nun 8,54%, e o orzamento inicial do Programa 331A creceu no 2023 un 13,79% respecto do orzamento inicial do 2022.
	1.3.2. Como mínimo executado o 95% do orzamento operativo anual da DXRREE e UE previsto nos plans anuais da Cooperación Galega.	Acadouse un 100% de execución orzamentaria.
<i>L.A.1.4. Promover a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación.</i>	1.4.1. Achegas económicas doutros departamentos da Xunta de Galicia a actividades de cooperación exterior, acción humanitaria e educación para a cidadanía global.	As achegas económicas doutros departamentos da Xunta poden resumirse en: -Augas de Galicia: 74.999,75 €, que se incorporan ao programa 331A, para o fortalecemento da Xestión dos recursos hídricos en Mozambique. -Secretaría Xeral de Igualdade: 256.760,64€, procedentes dos fondos do pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero e se incorporan ao programa 331A, en apio ao cumprimento das medidas 36 e 37 do pacto e para o financiamento ao I Programa de acollida de mulleres Defensoras de Dereitos- Galicia Abriga. -Consellería de Política Social: 100.000,00 € q para o desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2023". -Consellería do Mar, que destinou 77.770,74 € a proxectos executados polo CETMAR: 1. "Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Marina de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesqueiras", ao que se destinaron 33.234,49 €. 2. "Accións de apoio á Rede Iberoamericana de Investigación Pesqueira na implementación do Decenio das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030", ao que se destinaron 44.536,25 €. -Consellería de Sanidade: 231.811,09 € para dar cobertura sanitaria pública a nenos e nenas beneficiarios dos programas "Vacacións en Paz" da SOGAPS, e dos convenios asinados con Tierra de Hombres, Fundación Infancia Solidaria, Fundación Emalaikat e do programa "Ven con nosotros".

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2023
R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.	<i>L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.</i>	2.1.1. Como mínimo o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.	O 97% da axuda desembolsada en cooperación para o desenvolvemento no exterior, concentrouse nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina. Se engadimos o desembolsado en acción humanitaria a concentración acadou un 88,38%
	<i>L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados ou cun Índice de Desenvolvemento Humano baixo.</i>	2.2.1. Como mínimo o 20 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos Países Menos Adiantados ou cun Índice de Desenvolvemento Humano baixo.	O 12,39% da axuda desembolsada no exterior, destinase aos Países Menos Adiantados ou con IDH baixo.
	<i>L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.</i>	2.3.1. Axuda desembolsada a través de programas no exterior e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e porcentaxe que representa sobre o total da axuda desembolsada en cooperación exterior e educación para a cidadanía global.	No ano 2023 destináronse 333.999,75€ para o financiamento de actuacións con marcos de planificación plurianual, en cooperación para o desenvolvemento nos programas AQUAMOZ e PEIXAN ambos en Mozambique, e en Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, na iniciativa de Activistas polo mundo que queremos. A porcentaxe que representa respecto da axuda desembolsada en cooperación e EDCG é do 4,71%

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2023
R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.	<i>L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.</i>	3.1.1. Como mínimo o 60 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destínase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento.	O 71,29% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e de convenios (cap. IV e VII) destínase aos 5 ámbitos estratéxicos de cooperación para o desenvolvemento.
		3.1.2. Como mínimo o 20% da AOD distribuíble sectorialmente da Xunta de Galicia destínase a servizos sociais básicos.	No ano 2023, destinouse un 37,40% ao ámbito sectorial de servizos sociais básicos.
		3.1.3. Nº de estratexias elaboradas de xeito participativo.	No ano 2023 contratouse un servizo de consultoría para a realización dun diagnóstico, de maneira participada e coordinada co sector, sobre a integración do enfoque feminista, interseccional e de diversidade na Cooperación Galega, de cara ao establecemento dunha folla de ruta que marque a estratexia a seguir na súa implementación. Está previsto que este servizo remate en outubro de 2024.
	<i>L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.</i>	3.2.1. Como mínimo o 20% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e de convenios pola DXRREE e UE no exterior destínase a acción humanitaria.	No ano 2023, destinouse un 15,77% ao ámbito estratéxico de acción humanitaria.
		3.2.2. Nº de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.	No ámbito da acción humanitaria e da atención de emerxencias asináronse con organismos especializados 12 convenios e dúas addendas.
		3.2.3. Achegas económicas ao fondo humanitario común coordinado pola AECID ou instrumentos análogos realizadas pola Xunta de Galicia.	A achega da Xunta de Galicia ao Fondo humanitario común da AECID foi en 2023 de 100.000,00 €

	<i>L.A.3.3. Mellorar a calidade e impacto da educación para a cidadanía global.</i>	3.3.1. Como mínimo o 15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global. 3.3.2. Axuda desembolsada a través de programas de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e porcentaxe que representa sobre o total da axuda desembolsada neste ámbito estratéxico.	No ano 2023, destinouse un 11,70% ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. No ano 2023 destináronse 70.000,00 € no marco da iniciativa plurianual activistas polo mundo que queremos, o que representa un 7% sobre o total da axuda desembolsada en EDCG.
--	---	--	--

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2023
R.X.4. Os axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.	<i>L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.</i>	4.1.1. Grao de participación nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española. 4.1.2. Achegas á planificación e sistema de xestión de coñecemento info@od da Cooperación Española.	A Cooperación Galega ten participado en diferentes espazos e iniciativas de coordinación coa Cooperación Española nos ámbitos de: acción humanitaria, participando do convenio coa descentralizada e das sesións do traballo en coordinación co IECAH; en Educación para o desenvolvemento, a través da Rede de Puntos Focais e como membro do grupo de traballo nesta materia no Consello de Cooperación; na elaboración e seguimento dos MAP; ou no proceso de definición de Indicadores de Rendición de Contas (IRC). A Cooperación Galega ten realizado dentro do prazo establecido as súas achegas no sistema de xestión do coñecemento e planificación info@od.

	<i>L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos axentes galegos de cooperación.</i>	4.2.1. Nº de proxectos en agrupación financiados a través das convocatorias da DXRREE e UE e porcentaxe sobre o total da axuda desembolsada a través de convocatorias dirixidas a axentes de cooperación. 4.2.2. Nº de alianzas de traballo multiactor nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios promovidas ou apoiadas pola DXRREE e UE.	No ano 2023 financiáronse a través de convocatoria 22 proxectos en agrupación, por un total de 1.465.576,14 €, que representan un 20,84% sobre o total da axuda desembolsada a través de convocatorias. No ano 2023 deuse continuidade a 3 alianzas de traballo multiactor promovidas e apoiadas pola DX: AQUAMAZ; PEIXAN e Activistas polo mundo que queremos.
	<i>L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da Lusofonía.</i>	4.3.1. Nº de actividades financiadas pola DXRREE e UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación da Lusofonía. 4.3.2. % de axuda desembolsada pola DXRREE e UE en cooperación e acción humanitaria nos PALOP.	Ademais dos proxectos financiados no marco das distintas convocatorias en Mozambique, Cabo Verde e Guinea Bissau, no marco do convenio asinado co Fondo Galego: A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación IV, continuouse co impulso á Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, creada no 2019. Neste 2023 celebrouse do IV Foro da Cooperación Municipalista na illa do Príncipe, no que participaron, ademais do Fondo Galego e a Rexión Autónoma do Príncipe, a Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa, Frente Nacional de Prefeitos (Brasil), Rexión de Cacheu (Guinea-Bissau), Asociación Nacional dos Municipios Caboverdianos e Asociación Nacional dos Municipios de Mozambique, xunto con representantes dos concellos da Laracha, Allariz, Burela, Nigrán e Gondomar. No ano 2023 destinouse un 9,72% (723.015,21 €) da axuda desembolsada en cooperación e acción humanitaria (7.439.263,93 €) aos países PALOP (Mozambique, Cabo Verde e Guinea Bissau).

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2023
R.X.5. Os axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS.	<i>L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.</i>	5.1.2. N° de asistencia técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.	Durante o ano 2023 celebráronse 5 contratos de asistencia técnica no ámbito da avaliación e a xestión do coñecemento, 4 dos servizos foron para a avaliación <i>ex ante</i> das propostas presentadas ás convocatorias de proxectos no exterior, acción humanitaria, microproxectos e EDCG. En quinto lugar contratouse un servizo para a realización dun diagnóstico sobre a integración do enfoque feminista, interseccional e de diversidade na Cooperación Galega, de cara ao establecemento dunha folla de ruta que marque a estratexia a seguir na súa implementación, que terá continuidade ao longo do ano 2024.
	<i>L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.</i>	5.2.1. N° de convenios formalizados pola DXRREE e UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	Durante o ano 2023 deuse continuidade ao fortalecemento das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD, do Fondo Galego e das tres Universidades Públicas Galegas, a través da sinatura de 3 convenios por un monto de 220.000,00 €

	<i>L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación.</i>	5.3.1. N° de actividades de fortalecemento, formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	No marco do convenio coa CGONGD, púxose en marcha un ciclo formativo e de reflexión sobre a cooperación con enfoque feminista, que complementa o traballo neste ámbito posto en marcha dende a DX de RREE e coa UE. Das xornadas formativas deste ciclo beneficiáronse ao redor de 70 persoas, de 27 organizacións. Tamén se apoiou a tres organizacións co pago de matrículas para fortalecer as capacidades do seu persoal técnico. Ademais, co obxecto de apoiar as organizacións máis débiles, desenvolveuse un curso básico de formulación de proxectos, ao que asistiron 15 persoas de 11 organizacións. Pola súa banda, o Fondo Galego puxo en marcha unha campaña de comunicación: "313 Olladas Solidarias" para visibilizar a cooperación municipalista, que fortaleceu ao Fondo galego, coa adhesión de 5 concellos mais: Pantón e Sober (Lugo), A Cañiza e Cangas (Pontevedra) e Montederramo (Ourense), mentres que outros tantos anunciaron que o farán axiña: A Pobra do Brollón (Lugo), Tui (Pontevedra), Mondariz-Balneario (Pontevedra), Padrón (A Coruña) e Salceda de Caselas (Pontevedra). Polo que respecta á RGCUD, no marco do convenio asinado en 2022, con anualidade 2023, realizáronse un total de 35 formacións e xornadas (23 no ano 2022 e 12 no ano 2023) ás que asistiron no 2023, 700 persoas da comunidade universitaria (559 mulleres e 141 homes).
		5.3.2. N° de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.	Durante o ano 2023, 12 persoas foron beneficiarias destas bolsas de formación, 8 delas nas Oficinas da Cooperación Española da AECID e 4 na sede da DX de RREE e coa UE.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2023
R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS	<i>L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación</i>	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da cooperación galega. 6.1.2. Número de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega.	A páxina web da cooperación galega actualízase para incorporar información das actuacións realizadas. No ano 2023, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2022 da cooperación galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia
	<i>L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación</i>	6.2.1. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externa participativa e independente da execución do quinto plan director da cooperación galega realizadas e difundidas. 6.2.2. Número de actividades no Parlamento de Galicia relativas á cooperación galega. 6.2.3. Número de actividades de presentación de resultados da cooperación galega e rendición de contas aos axentes de cooperación no Congacode.	Prevista para ser realizada no 2024. No ano 2023 desenvolvéronse dúas comparecencias parlamentarias relativas a este ámbito. Unha o 26 de xaneiro para informar sobre a EGAEX e as viaxes ao exterior de 2022; e outra o 4 de maio para a presentación do V Plan director da Cooperación Galega (2023-2026) O CONGACODE reuniuse na súa sesión ordinaria o 14 de febreiro de 2023, e nela aproveitouse para presentar aos axentes de cooperación nel representados, o Informe sobre a execución do Plan anual 2022 da Cooperación Galega, o Informe sobre o proxecto do Plan anual 2023 da Cooperación Galega, igual que tódolos anos, e ademáis presentoruse o Informe sobre o Anteproxecto do V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026.

4. Actuacións de cooperación no exterior

4.1 Convocatoria 2023 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións, por unha parte, ás organizacións non gobernamentais e, por outra, ás universidades, ás empresas e ás organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación para a execución de proxectos no exterior.

A orde que regula a convocatoria foi publicada no DOG núm. 83, do 2 de maio do 2023. A dotación orzamentaria, plurianual, foi de 6.000.000 € (2.400.000 € para o ano 2023 e 3.600.000 € para o ano 2024), o que representou un incremento dun

11,11% respecto á dotación das convocatorias do ano 2022.

A distribución da dotación foi a seguinte:

- Proxectos no exterior de ONGD: 5.300.000 € (2.120.000 € no 2023 e 3.180.000 € no 2024).
- Proxectos no exterior doutros axentes de cooperación: 700.000 € (280.000 € no 2023 e 420.000 € no 2024).

Presentáronse un total de 53 solicitudes (40 de ONGD e 13 doutros axentes), sendo aprobado o financiamento de 32 proxectos: 28 de ONGD e 4 doutros axentes.

Ademais, deuse continuidade aos 30 proxectos (25 de ONGD e 5 doutros axentes), aprobados no marco da convocatoria publicada no ano 2022 e que tiñan anualidade 2023, por un total de 3.213.065,09 €



AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR803D 2023 48	Asemblea de Cooperación pola Paz Mellorar as capacidades produtivas e de gobernanza do sector da pesca artesanal salvadoreña desde un enfoque de inclusión, sustentabilidade e resiliencia ecolóxica	239.124,40	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 51	Fundación Ayuda en Acción en agrupación con ANFACO Impulsar o desenvolvemento da pesca artesanal e acuícola mediante unha estratexia articulada en seguridade alimentaria e apoderamento económico das familias en Sechura, con enfoque de xénero, gobernanza e prevención ante a emerxencia climática, Perú.	247.368,42	235.000,00	94.000,00	141.000,00	235.000,00
PR803D 2023 17	Fundación Balms para la Infancia en agrupación coa Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos Mulleres e adolescentes empoderadas para a transformación das desigualdades de xénero nos distritos de Andahuaylillas, Huaró, Urcos e Ocongate da provincia de Quispicanchi – Cusco, Perú. Fase II	243.058,21	207.021,47	82.808,59	124.212,88	207.021,47

XUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR803D 2023 31	Solidariedade Internacional de Galicia Promoción da soberanía alimentaria, mellorando a calidade de vida de mulleres e homes dos municipios de Jocoaitique e Meanguera, O Salvador.	221.440,81	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 37	Arquitectura Sin Fronteras en agrupación coa Asociación PROYDE Proxecto Q'aq'iq (espírito vital) para mellorar a calidade educativa, o benestar socioemocional e as condicións hixiénico sanitarias en 13 escolas de primaria do departamento de Retalhuleu, Guatemala, no marco do contexto de postpandemia de COVID-19. Fase 3 (peche)	258.595,45	235.000,00	94.000,00	141.000,00	235.000,00
PR803D 2023 36	Arquitectura Sin Fronteras Proxecto Te Chwinqlal (para a vida) para o fortalecemento das capacidades de planificación e xestión participativa; e a mellora dos servizos básicos e a gobernanza en materia de hábitat, auga, saneamento e hixiene, desde un enfoque de xénero e inclusión, das 267 familias indíxenas, compostas maioritariamente por mulleres viúvas e solteiras da Comunidade Mam Cajolá, recentemente asentada no municipio de Champerico, en Guatemala.	232.101,88	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR803D 2023 11	Médicos del Mundo Rompendo barreiras, Mellorar o acceso aos servizos de saúde sexual e reprodutivos integrais e inclusivos, para mozos e adolescentes chiquitanos, mediante o fortalecemento do sistema de atención primaria en 3 municipios da rede de saúde Velasco no departamento de Santa Cruz.	211.250,00	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 15	Asociación AIDA, Ayuda, Intercambio y Desarrollo Mellora da oferta educativa e promoción da participación cidadá e dos dereitos da infancia na zona fronteiriza do NE de Guinea Bissau	232.228,28	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 47	Amigas da Terra Apoderamento para o exercicio dos dereitos das mulleres rurais coa participación social e política e unha vida libre de violencias, a soberanía alimentaria e a nutrición saudable e o acceso aos recursos económicos no Corpus e Orocuina (Honduras)	231.770,00	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023- 8	Manos Unidas Promovendo o desenvolvemento económico rural inclusivo e sustentable en 4 comunidades dos Municipios de Tacaná e Sibinal, San Marcos, Guatemala FASE II	342.297,27	183.483,78	73.393,51	110.090,27	183.483,78

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR803D 2023 49	Fundación Fabre Fortalecemento da seguridade alimentaria nutricional da poboación vulnerable en 3 comunidades rurais de Tacaná, San Marcos, Guatemala	250.545,43	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 50	SODEPAZ Dereito a unha vivenda digna, adecuada e saudable para familias indíxenas Ch'orti' da Rexión VIII de Jocotán, Corredor Seco Oriental (Guatemala)	255.826,79	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 46	Fundación Vicente Ferrer Apoderamento individual, social e económico das mulleres cabeza de familia viúvas ou solteiras da rexión de Madakasira a través do acceso aos seus dereitos e a loita contra a discriminación social en India	475.192,72	184.999,93	73.999,97	110.999,96	184.999,93
PR803D 2023 33	Fundación Ayuda en Acción Competitividade Empresarial de mulleres e xuventudes na cadea de valor de lácteos do Corredor Seco de Nicaragua	285.898,00	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrncia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR803D 2023 3	Fundación Religiosos para la Salud en agrupación con Misioneros Segleres Vicencianos Mellorado o acceso e información aos recursos de atención e asistencia técnica legal de mulleres, nenos e adolescentes vítimas de violencia de xénero no departamento de Cochabamba, Fase I	251.955,90	235.000,00	94.000,00	141.000,00	235.000,00
PR803D 2023 5	Farmacéuticos Mundi Fortalecemento de capacidades para o exercicio do dereito das mulleres, nenos e adolescentes a unha vida libre de violencias no municipio de Nahuala (Sololá), con enfoque de dereitos, xénero e interculturalidade, Guatemala	200.319,02	180.000,00	72.000,00	108.000,00	180.000,00
PR803D 2023 43	Asemblea de Cooperación Pola Paz Mellorar a seguridade alimentaria, os medios de vida e a resiliencia medioambiental de 30 comunidades campesiñas organizadas dos municipios de Bohechío, Las Yayas y Padre Las Casas, provincias de Azua e San Juan	212.375,08	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR803D 2023 20	Fundación Taller de Solidaridad Promover a autonomía económica nas mulleres das redes de soporte e acompañamento para a prevención da violencia de xénero nos distritos de Chulucanas e La Matanza na Rexión Piura, en liña cos ODS 5 e 8.	205.600,00	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 12	Fundación Entreculturas - Fe y Alegría Mozos en condicións de vulnerabilidade, maioritariamente mulleres, acceden a medios de vida diversificados nos departamentos de San Vicente e Usulután, O Salvador	205.949,73	184.940,34	73.976,14	110.964,20	184.940,34
PR803D 2023 52	Enxeñería Sen Fronteiras Galicia Restauración das lagoas de inverno como modo de vida das poboacións pesqueiras de Namasigüe e El Triunfo. Fase 1.	238.665,26	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 45	Amigas da Terra Promovendo ecosistemas resilientes como base para a seguridade alimentaria e o crecemento económico sostido de comunidades rurais de Río San Juan, Nicaragua	195.325,00	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR803D 2023 16	Fundación Taller de Solidaridad en agrupación coa Fundación Entreculturas Fe y Alegría Mellora de ingresos e de calidade de vida de familias emprendedoras turísticas da RTA, a través do fortalecemento do turismo comunitario e a convivencia comunal e familiar nas comunidades de Yanacancha, Andamayo, Pacchanta e Cuyuni da Provincia de Quispicanchi, Cusco, Perú, en liña cos ODS 8 e 16.	265.000,00	235.000,00	94.000,00	141.000,00	235.000,00
PR803D 2023 32	Fundación Educación y Cooperación EDUCO Apoderamento Económico, Social e Ambiental de Mulleres Rurais para a erradicación da violencia baseada en xénero en 7 comunidades do Municipio de Matagalpa, Nicaragua.	200.000,00	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 35	Fundación Balms para la infancia Mellora das condicións de vida para a ampliación das capacidades e as liberdades das persoas mediante un proceso de participación cidadá e comunitaria con enfoque de xénero no Distrito Municipal Santiago Oeste - Asociado a IDI Rep. Dominicana- Fase III.	214.220,76	184.997,70	73.999,08	110.998,62	184.997,70

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR 803D 2023-4	Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) Mellora das capacidades, as ferramentas e as alianzas estratéxicas das mulleres dominicanas organizadas para contrarrestar a cultura de violencia sexual no ámbito educativo, comunitario, político e mediático de República Dominicana.	200.304,40	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 19	Fundación InteRed Mulleres organizadas de pobos orixinarios de Puno fortalecidas nas súas capacidades, desde unha cidadanía intercultural crítica, inciden polos seus dereitos políticos e vida libre de violencias machistas, Perú.	195.986,84	185.000,00	74.000,00	111.000,00	185.000,00
PR803D 2023 30	Fundación Humanitaria de los Rotarios Españoles Reforzar o sistema público de saúde hondureño a través da mellora da atención primaria en saúde incorporando o enfoque de xénero, en 10 comunidades rurais do Municipio de San Lorenzo, Departamento de Valle, Honduras.	260.064,28	182.171,35	72.868,54	109.302,81	182.171,35
PR803D 2023 41	Solidariedade Internacional de Galicia Fortalecemento das capacidades da sociedade civil e das organizacións comunitarias implicadas na promoción e protección do dereito das mulleres maias a unha vida libre de violencia, con relevancia cultural, no Norte, Centro, Occidente e Oriente de Guatemala.	237.067,50	185.000,00	36.954,17	55.431,26	92.385,43
Total		6.809.531,43	5.392.614,57	2.120.000,00	3.180.000,00	5.300.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS A OUTROS AXENTES- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 19 de abril de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrncia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.

Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida 2023 (€)	Subvención concedida 2024 (€)	Subvención concedida total (€)
PR803D 2023 42	ICARTO- Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio Mellora na sostiabilidade e uso eficiente nos Sistemas de Auga Potable rurais no Salvador	253.975,00	180.044,00	72.017,60	108.026,40	180.044,00
PR803D 2023 13	Fundación Mujeres Promovendo a soberanía alimentaria das familias indíxenas do cantón Yacuambi, Ecuador- ODS 2	201.416,47	183.675,19	73.470,08	110.205,11	183.675,19
PR 803D 2023 1	Fundación Galicia Innova Programa de innovación tecnolóxica agropecuaria e forestal para o desenvolvemento socioeconómico de 9 Comunidades de bosque do val de San Lorenzo, na rexión de Piura – Perú, xestionado polas Asociacións de Mujeres. PROGRAMA INNOVA-T SAN LORENZO	204.700,00	184.100,00	73.640,00	110.460,00	184.100,00
PR803D 2023 6	Universidade de Santiago de Compostela Avaliación do impacto do cambio climático en humidaís altoandinos para deseñar estratexias de adaptación para comunidades locais vulnerables (Puna resiliente): Ensaio piloto no nevado Coropuna (Perú)	194.800,00	185.000,00	60.872,32	91.308,49	152.180,81
Total		854.891,47	732.819,19	280.000,00	420.000,00	700.000,00



4.2 Convocatoria 2022 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

Como non podería ser doutro xeito, no ano 2023 deuse continuidade a 30 proxectos: 25 de ONGD e 5 doutros axentes, aprobados no 2022 no marco da Orde do 23 de marzo do 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 67, do 6 de abril), que tiñan anualidade 2023, por un total de 3.213.065,09 €

4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior

4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2023

Ao longo do ano 2023 asináronse un total de 3 convenios no ámbito da cooperación para o desenvolvemento no exterior.

Convenio de colaboración con Augas de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ SECARA 4ª FASE)."

Convenio de colaboración coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar) para a execución do proxecto "Mellora das condicións de Seguridade Alimentaria e Nutricional da poboación de Sechura a través dun consumo apropiado dos produtos hidrobiolóxicos (Perú)."

Convenio de colaboración co CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) para a execución do proxecto "Favorecer o dereito ao desenvolvemento socioeconómico da poboación das illas de Fogo e Maio, en Cabo Verde, a partir da implementación e xestión das Reservas da Biosfera."

4.3.2 Convenios de colaboración do ano 2022 e anteriores

Nos orzamentos do ano 2023 mantivéronse os compromisos adquiridos con anterioridade. Así, no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, deuse continuidade a dous dos convenios asinados:

Convenio de colaboración con Augas de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ SECARA 3ª FASE)."

Convenio de colaboración coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar) e a Fundación Ayuda en Acción para a execución do proxecto "Mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura no Distrito de Naamacha, Mozambique."

4.4 Convenios de colaboración dotados con fondos procedentes doutros departamentos da Xunta de Galicia

Ao igual que sucedera nos anos 2019, 2020, 2021 e 2022, a Secretaría Xeral da Igualdade transferiu ao programa orzamentario de cooperación os 252.000 € procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para seren destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito Pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional. Ademais, contribuíu tamén ao cofinanciamento do I Programa galego de Acollda Temporal a Defensoras de Dereitos Humanos, cun importe nesta anualidade de 4.760,64 €

Estes fondos foron destinados a 3 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero, cun financiamento de 84.000 € cada un deles, e ao programa de acollda citado, a través dos seguintes convenios:

Convenio coa Asociación "España con ACNUR" para dar continuidade á execución do proxecto "Loita contra a violencia sexual e de xénero e a discriminación contra as mulleres na República Democrática do Congo- RDC."

Convenio con UNRWA España para a execución do proxecto "Garantir o dereito das mulleres refuxiadas de Palestina a vivir unha vida libre de violencia machista nos campamentos da Franxa de Gaza."

Convenio con UNICEF Comité español para dar continuidade á execución do proxecto "Reforzo do sistema de protección da infancia e dos servizos integrados de prevención e resposta aos problemas

de protección da infancia, incluída a violencia de xénero, no distrito de acollda de refuxiados de Yumbe (Uganda)."

Convenio con Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e a Asociación Ecos do Sur, para o apoio conxunto ao "I Programa Galego de acollda temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos."

4.5 Convocatoria 2023 de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior

Aínda que non estaba prevista inicialmente no Plan anual 2023 da Cooperación Galega, decidiuse recuperar este ano a convocatoria de subvencións para microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.

Enténdese por microproxectos aquelas intervencións puntuais, de limitada intensidade, de duración non superior aos 12 meses que teñan por obxecto fortalecer e/ou complementar outras actuacións levadas a cabo por axentes de cooperación no mesmo territorio.

Esta convocatoria dotouse con 90.000 € e dirixiuse ás ONGD e a aqueles axentes de cooperación que figuran inscritos na sección D do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

A convocatoria foi publicada no DOG do 26 de xuño e se presentaron 5 proxectos, aprobándose o financiamento de 3 deles.

AXUDAS CONCEDIDAS MICROPROXECTOS NO EXTERIOR				
Orde do 14 de xuño de 2023, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrncia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR804B).				
Nº expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)
PR804B 2023 3	Asociación Integral Rescate Emergencias- AIRE Reactivación da poboación civil saharauí	31.800,00	30.000,00	30.000,00
PR804B 2023 2	Escuela Shantidi Construíndo saúde. Cuarta parte. INDIA	7.637,33	3.572,20	3.572,20
PR804B 2023 4	Miradas al Mundo Mellorado o acceso a medios de vida (auga e alimentación) nas localidades de Dembanje, Basseor e Yal en Guinea Bissau, con especial atención ás mulleres	31.882,25	29.957,76	29.957,76
TOTAL			63.529,96	63.529,96



4.6 Actuacións levadas a cabo por outros departamentos da Xunta de Galicia

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE previstas no Plan anual 2023, e das financiadas con fondos procedentes de Augas de Galicia e da Secretaría Xeral de Igualdade xa citadas anteriormente, ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia levaron a cabo actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, que non estaban previstas no citado Plan.

Pódense destacar as seguintes:

- A Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS) para o desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2023", por un total de 100.000 €.
- A Consellería do Mar destinou 77.770,74 € aos seguintes proxectos executados polo CETMAR:
 1. "Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Marina de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesqueiras", ao que se destinaron 33.234,49 €.
 2. "Accións de apoio á Rede Iberoamericana de Investigación Pesqueira na implementación do Decenio das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030", ao que se destinaron 44.536,25 €.
- A Consellería de Sanidade destinou 231.811,09 € para dar cobertura sanitaria pública a nenos e nenas beneficiarios dos programas "Vacacións en Paz" da SOGAPS, e dos convenios asinados con Tierra de Hombres, Fundación Infancia Solidaria,

Fundación Emalaikat e do programa "Ven con nosotros".

Cabe destacar ademais que o CETMAR recibiu o financiamento da AECID por un importe de 29.968,69 € para o proxecto de innovación "Fortalecemento e mellora das políticas de xestión dos recursos pesqueiros en Iberoamérica para un crecemento económico sustentable da rexión, baseado na investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico a través da Red INVIPESCA" e para dúas asistencias técnicas, unha en Perú para a determinación de custos e identificación da loxística para a xeración de manto deshidratado e o estudo de mercado para analizar a viabilidade comercial do produto a nivel local e nacional. Sechura-Perú. Proxecto "Economía circular e SAN con enfoque de xénero mediante solución innovadora para a xestión de residuos da cuncha de abano" (INNOVA ABANICO) e outra no Caribe para a Análise da problemática do Sargazo no Caribe. (CR-SARGAZO).

5. Acción humanitaria e de emerxencia

No ano 2023, como nos anos anteriores e para dar cumprimento aos obxectivos e indicadores que o V Plan director da Cooperación Galega establece neste ámbito, desde a DXRREE e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, a través dunha acción estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en acción humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A.3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2023 ascendeu a 1.347.521,28 €, o que representa máis do 15% do orzamento operativo do programa orzamentario 331A. Neste importe están incluídos os 256.760,64 € postos á disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37, que afectan o ámbito da cooperación internacional, e que están destinadas á atención ás persoas refuxiadas en materia de violencia machista, dunha banda, e do I Programa galego de Acollida Temporal a Defensoras de Dereitos Humanos, doutra.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

- Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.
- Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.

5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo por proxectos de acción humanitaria, conforme a iniciativa da boa doazón humanitaria (GHD, nas súas siglas en inglés), aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises —provocadas por seres humanos ou por desastres naturais—, así como os destinados á prevención e o reforzo da capacidade de resposta e a resiliencia para cando se produzan estas situacións. A acción humanitaria debe guiarse polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade e independencia.

A orde que regula esta convocatoria foi publicada no DOG do 24 de marzo de 2023. Trátase dunha convocatoria anual cunha dotación total de 550.000 €, o que representa un incremento do 37,5% respecto da do ano 2022. Presentáronse 11 solicitudes de proxectos dos que foron subvencionados 8, co detalle seguinte:

CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE ACCIÓN HUMANITARIA: AXUDAS CONCEDIDAS

Orde do 24 de marzo de 2023, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PR811A).

Nº Expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)
PR811A 2023-6	Asociación Comité Español de la UNRWA Apoio a tres puntos de saúde en Cisjordania para a atención ás persoas refuxiadas de Palestina máis vulnerables, con enfoque de xénero	75.000,00	70.000,00	70.000,00
PR811A 2023-4	Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) Voces Transformadoras: fortalecer o benestar físico e mental de persoas LGBTI+ desprazadas no Salvador.	83.382,85	75.000,00	75.000,00
PR811A 2023-11	Solidariedade Internacional de Galicia Fortalecemento das capacidades de atención e protección a persoas migrantes na fronteira sur oriental de Honduras	84.149,75	74.999,35	74.999,35
PR811A 2023-2	Fundación CUME para el desarrollo de culturas y pueblos Resposta ante a emerxencia humanitaria provocada polo cambio climático na Comunidade Andina Indíxena de Totorá e reforzo da súa capacidade de resiliencia. Apurímac, Perú	104.704,35	69.989,89	69.989,89
PR811A 2023-7	Asociación Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad Asistencia humanitaria de emerxencia e protección da poboación refuxiada palestina, no Líbano	78.950,00	74.981,00	74.981,00
PR811A 2023-9	Fundación Entreculturas- Fe y Alegría Fortalecemento da resiliencia da poboación refuxiada vulnerable proveniente de contextos en crises humanitarias en Adis Abeba, Etiopía	82.787,92	74.299,99	74.299,99
PR811A 2023-10	Fundación Tierra de Hombres España Protección e apoio psicosocial á infancia e ás familias afectadas pola guerra en Ucraína	79.000,00	74.980,50	74.980,50
PR811A 2023-3	Fundación UNICEF Comité Español Resposta humanitaria de UNICEF Cuba – Furacán Ian: Garantindo a reconstrución de escolas afectadas	80.018,60	75.000,00	35.749,27
TOTAL			589.250,73	550.000,00

5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Ao longo do ano 2023 asináronse, no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia, 12 convenios e dúas addendas, unha, no marco do convenio para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia asinado con Farmamundi, outra, en apoio á poboación saharauí. O conxunto destes convenios financiou 24 intervencións, así como operativos de resposta.

Volve a destacar a posta á disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, de 252.000 € da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para seren destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional, e que foron destinados ao financiamento de 3 proxectos de atención ás persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero coas entidades: España con ACNUR, UNRWA España e Fundación UNICEF Comité Español. Ademais asináronse os seguintes convenios:

Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Este convenio vén asinándose de forma ininterrompida desde o ano 2009 para garantir unha resposta rápida e áxil da Xunta de Galicia, a través da posta en marcha de accións de asistencia e atención inmediata de emerxencias tras declararse un desastre ou crise humanitaria ou ante a agudización dunha crise crónica (situacións de fame, desprazamentos da poboación por causas bélicas, económico-sociais ou logo dunha catástrofe) tratando de evitar unha gran mortalidade entre os/as damnificados/as. Neste ano 2023 o convenio contou cunha dotación inicial de

50.000 €, aos que se lle sumaron 20.000 € máis, a través da sinatura dunha addenda.

O obxecto deste convenio é realizar as actuacións que ambas as dúas partes acorden tendentes a atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/ou outro material de primeira necesidade) e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfases en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

O convenio de colaboración actívase cada vez que acontece unha emerxencia, logo da negociación e solicitude por parte de Farmamundi. Nos anos anteriores á activación destes convenios permitiu dar resposta inmediata e coordinada coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e o sistema das Nacións Unidas a diferentes emerxencias acaecidas.

Axuda Xunta de Galicia: 70.000 € (2023).

Ao abeiro deste convenio foron financiadas as seguintes intervencións:

1. Intervención de emerxencia para a atención da poboación siria e turca tras o terremoto no distrito de Pazarcik, provincia de Kahramanmaraş, Turquía, por importe de 10.000 €
2. Intervención sociosanitaria de emerxencia para apoiar a poboación máis afectada polo brote de cólera nos departamentos de Artibonite e Central de Haití, por importe de 8.000 €
3. Intervención sociosanitaria de emerxencia para apoiar a poboación en situación de extrema vulnerabilidade logo do aumento das

hostilidades na Franxa de Gaza, por importe de 8.000 €

4. Intervención sanitaria de emerxencia para a poboación en situación de vulnerabilidade ante o abrocho de dengue, na selva central do Perú, por importe de 9.000 €

5. Intervención para proporcionar asistencia humanitaria e cubrir as necesidades máis inmediatas da poboación afectada polo terremoto en Marrocos, por importe de 6.500 €

6. Asistencia alimentaria de emerxencia á poboación desprazada interna afectada polo conflito na Franxa de Gaza, por importe de 6.000 €

7. Resposta humanitaria con énfase na saúde mental e o apoio psicosocial á poboación desprazada no distrito de Afrín, en Siria, afectada polos terremotos do mes de febreiro, por importe de 6.000 €

8. Intervención de post-emerxencia para a restitución dos dereitos vulnerados da poboación afectada polo conflito armado na

rexión de Tigray, Etiopía, con énfase en mulleres e nenas, por importe de 10.326,52 €

Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité Español para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

O convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade Fundación UNICEF Comité Español para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencia, en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, co fin de paliar o sufrimento das poboacións afectadas e cantas outras actuacións se poidan promover en beneficio destas poboacións.

Axuda Xunta de Galicia: 50.000 € (2023)

A través deste convenio de colaboración financiou se unha intervención de "Resposta ás necesidades humanitarias da infancia en Siria - Adquisición e distribución de subministracións esenciais de WASH e nutrición".



Convenio entre a Cooperación descentralizada, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a actuación conxunta e coordinada en materia de Acción Humanitaria 2023/2026.

O convenio tivo unha dotación global para o ano 2023 de 2.500.000 €, dos que 100.000 € foron achegados por Galicia. A ampliación da dotación coincide coa incorporación de tres comunidades autónomas máis, o que fan un total de 13: Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Valencia, Canarias, Baleares, Madrid, Castela e León, ás que se suman este ano 2023, Andalucía, Estremadura e Castela A Mancha.

Na reunión da Comisión de seguimento no marco do convenio decidiuse apoiar as seguintes intervencións:

1. Chamamento do Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) para Israel e Territorios Palestinos Ocupados, no que se enmarca a resposta do CICR á actual emerxencia tras a escalada de violencia.
2. Intervención del Fondo de Poboación das Nacións Unidas (FNUAP) en Malí, centrado na resposta de emerxencia en materia de saúde sexual e reprodutiva e de violencia sexual e de xénero.
3. Plan estratéxico provisional para Alxeria do PMA, centrado na resposta en seguridade alimentaria e nutrición nos Campamentos de poboación saharauí refuxiada en Tinduf.
4. Fondo transfronteirizo xestionado pola OCHA en Siria, como mecanismo de resposta ás consecuencias humanitarias xeradas polo terremoto ocorrido no mes de febreiro.
5. Chamamento de emerxencia de ACNUR para Sudán, con intervencións dentro do país e nos países veciños que reciben a poboación

refuxiada desde o estalido do conflito armado no mes de abril.

Convenio de colaboración con UNRWA España para a execución do proxecto "Garantindo o dereito á educación, en especial das nenas, na Franxa de Gaza", cun importe 50.000 €, o que representa un incremento dun 66,66% respecto ao do ano 2022.

Convenio de colaboración con "España con ACNUR" para a execución do proxecto "Acceso a servizos de atención psicosocial para previr e ofrecer unha resposta oportuna ás persoas sobreviventes de violencia baseada en xénero (VBG) e de saúde mental en Colombia", cun importe de 50.000 €, o que representa, coma no caso anterior, un incremento dun 66,66% respecto ao do ano 2022.

Convenio de colaboración coa "Asociación AGA-Ucráína" para a execución do proxecto "Atención sanitaria móbil nos territorios desocupados de Ucraína", cun importe de 40.000 €

Convenio de colaboración coa "Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos", para a realización do proxecto "Asistencia humanitaria a familias extremadamente vulnerables á seca por vivir lonxe de sistemas de auga potable en dúas comunidades do municipio de Calamarca: Choritotora e Ninacho", por importe de 66.000 €

Convenio de colaboración coa "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)" para a realización do proxecto "Axuda alimentaria á poboación refuxiada saharauí", a través da compra de ovos, por importe de 100.000 €. No mes de outubro asinouuse unha addenda a este convenio, por importe de 10.000 €, para a prestación da axuda sanitaria á dita poboación.



6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

6.1 Convocatoria 2023 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvoltos polas ONGD dentro dalgunha das catro dimensións seguintes:

- Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e as causas da pobreza.

- Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.

- Investigación sobre o desenvolvemento.

- Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 7 de xuño de 2023. Trátase dunha convocatoria plurianual cunha dotación total de 600.000 € (240.000 € para o ano 2023 e 360.000 € para o ano 2024).

Presentáronse 24 solicitudes e foron subvencionados 16 proxectos.

Os proxectos aprobados foron os seguintes:



AXUDAS CONCEDIDAS -PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrncia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

Nº Expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR804A 2023-23	Farmacéuticos Mundi en agrupación coa Universidade de Santiago A aprendizaxe- servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación.	53.200,00	45.000,00	18.000,00	27.000,00	45.000,00
PR804A 2023-17	Asemblea de Cooperación pola Paz Escolas sen racismo, Escolas para a paz e o desenvolvemento (ESR-EpD): Fortalecendo as capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino de infantil, primaria, secundaria e universitario galego.	38.880,48	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2023-4	AGARESO Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Boiro, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab)	38.250,00	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2023-5	AGARESO Xeración Contrainfo Fase II	39.970,00	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS -PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrncia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

Nº Expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR804A 2023-15	Amigas da Terra Galicia en agrupación coa Asociación Enxeñería sen Fronteiras Mulleres bravas de Honduras e Galicia. Tendendo pontes entre defensoras da vida. Fase II	54.892,81	45.000,00	18.000,00	27.000,00	45.000,00
PR804A 2023-10	Amigas da Terra Galicia Rede de Eco Hortas Escolares	32.443,50	30.617,50	12.247,00	18.370,50	30.617,50
PR804A 2023-24	Arquitectura sen fronteiras en agrupación coa Universidade de A Coruña Agra: un barrio de coidados. Fortalecidas capacidades para a defensa do Dereito ao Hábitat	53.900,00	44.900,00	17.960,00	26.940,00	44.900,00
PR804A 2023-18	Asemblea de Cooperación pola Paz Elas deciden: promover a equidade de xénero facilitando espazos de reflexión crítica e aprendizaxes significativas para imaxinar e construír colectivamente alternativas de xustiza social.	38.256,88	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS -PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrncia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

Nº Expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR804A 2023-6	Fundación Interred Sementando coeducación dende o rural: os coidados como xermolo para a sustentabilidade da vida. Fase I.	37.072,46	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2023-19	Solidariedade Internacional de Galicia O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de participación	44.459,93	34.809,01	13.923,60	20.885,41	34.809,01
PR804A 2023-9	Asociación Enxeñería sen Fronteiras en agrupación con Arquitectura sen Fronteiras e a Universidade de A Coruña Tecnoloxía ao Servizo do Ben Común, da Cidadanía Global e da inclusión nas escolas Téc Fase2	55.150,00	45.000,00	18.000,00	27.000,00	45.000,00
PR804A 2023-20	Solidariedade Internacional de Galicia III Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global	45.527,76	34.954,88	13.981,95	20.972,93	34.954,88
PR804A 2023-12	Manos Unidas Fame Cero: sensibilización cidadá e formación, participación e mobilización educativa cunha visión integradora dos ODS Fase II	49.040,75	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00

AXUDAS CONCEDIDAS -PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

Nº Expediente	Entidade solicitante e Denominación do proxecto	Orzamento total (€)	Subvención solicitada (€)	Subvención concedida (€)		
				2023	2024	Total
PR804A 2023-13	Fundación Taller de Solidaridad Enredadas no Cambio: Fase III	47.484,00	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2023-7	Fundación Educación y Cooperación, EDUCO A protección da infancia dende a mirada da Axenda 2030. Da sensibilización ao activismo.	36.907,55	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2023-8	Fundación Educación y Cooperación EDUCO agrupada con Fundación Entreculturas – Fe y Alegría, Taller de Solidariedade e Universidade de Santiago de Compostela Campaña Mundial pola Educación 2024	47.544,57	45.000,00	15.887,45	23.831,16	39.718,61
TOTAL		712.980,69	605.281,39	240.000,00	360.000,00	600.000,00

6.2 Convocatoria 2022 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Tamén, no ano 2023, se deu continuidade aos 17 proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobados no 2022 no marco da Orde do 4 de maio de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 97, do 20 de maio de 2022), que tiñan anualidade 2023, por un total de 360.000 €



6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento de axentes

6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2023

No ano 2023 asináronse catro convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e o fortalecemento de axentes.

Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD para a "Mellora das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD para representar e fortalecer ás ONGD galegas, con especial énfase nas máis pequenas", por un importe de 100.000 €.

Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto "A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación IV", que ten como obxectivo promover a implicación dos concellos

e deputacións galegas no cumprimento dos ODS, por un importe de 60.000 €

6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2022

Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución de actividades complementarias no marco do proxecto "People and Planet: un destino común" no ano 2023, por importe de 9.490,00 €

Convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) para a execución da X edición do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2022-2023", por un importe de 70.000 € (30.000 € no ano 2022 e 40.000€ no ano 2023).

Convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) para a execución da XI edición do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2023-2024", por un importe de 70.000 € (30.000 € no ano 2023 e 40.000€ no ano 2024).

Convenio bianual de colaboración coas tres universidades galegas para a execución do proxecto de "Consolidación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) 2020-2030 e consecución dos ODS" por importe de 100.000 € (40.000 € para o ano 2022 e 60.000 € para o 2023).



6.4 Convocatoria 2023 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento

No ano 2023 publicouse a convocatoria para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, sendo aprobados un total de 7 proxectos, que teñen continuidade no 2024.

O orzamento destinado a estas bolsas foi de 104.600,00 € (32.200,00 € para o ano 2023 e 72.400,00 € para o ano 2024), ao que hai que engadirlle o orzamento correspondente para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras (4.182,48 €).

Ademais deuse continuidade ás bolsas de formación concedidas con cargo á convocatoria do ano 2022.

6.5 Formación

No ano 2023 publicouse a convocatoria para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o Desenvolvemento.

Bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento

A Orde do 24 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, foi publicada no DOG do 6 de xuño. Recibíronse un total de 19 solicitudes, entre as que se seleccionaron a dúas persoas con destino na DXRREE e coa UE e catro con destino nas OCE de Bolivia, Guatemala, A República Dominicana e Mozambique.


As bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento teñen unha duración de 12 meses e a finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadías na sede da DXRREE e coa UE ou nas Oficinas da Cooperación Española dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio subscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia.

7. Transparencia e rendición de contas

7.1 Publicacións

Publicación do Informe 2022 da Cooperación Galega

No ano 2023, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2022 da Cooperación Galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.



7.2 Avaliacións

Co obxecto de seguir mantendo o grao de transparencia e de rendición de contas que caracteriza a Cooperación Galega, así como de potenciar a cultura avaliadora e a aprendizaxe colectiva, no ano 2023 contratáronse os servizos para realizar as seguintes avaliacións:

- As avaliacións ex-ante dos proxectos que se presenten ao abeiro das convocatorias.
- A realización dun diagnóstico sobre a integración do enfoque feminista, interseccional e de diversidades na Cooperación Galega, de cara ao establecemento dunha folla de ruta que marque a estratexia que se vai seguir na súa implementación.

7.3 Páxina web da Cooperación Galega

A información relativa ás actividades da Cooperación Galega está dispoñible na páxina web da Cooperación Galega, <https://cooperacion.xunta.gal>, de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poidan exercer o seu dereito á información.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES